



MEMORIA DE ACTIVIDADES



2019

MEMORIA ACTIVIDADES // 2019

O presente documento recolle a memoria de actividades (provisional, pendente de aprobación en Asemblea Xeral Ordinaria a celebrar en xuño de 2020) desenvolvidas durante o ano 2019 pola Asociación de Mulleres con Discapacidade de Galicia, **ACADAR**, sinalando aquelas máis relevantes atendendo ao cumprimento dos fins da entidade.

ACADAR agradece a tódalas entidades públicas e/ou privadas, así como as persoas que día a día ou de xeito puntual colaboraron ca asociación na defensa e promoción dos dereitos das mulleres con discapacidade. De igual maneira, agradece a tódalas mulleres con discapacidade que participaron nas actividades e proxectos levados a cabo pola entidade.

ÍNDICE:

PRESENTACIÓN DA ENTIDADE	4
OBXECTIVOS ANUAIS	7
ACTIVIDADES REALIZADAS	9
Programas de cooperación:	9
Empoderamento:	10
Educación en igualdade:	16
Ferramentas de ACADAR:	21
PARTICIPACIÓNS	22
PERSOAS SOCIAS	26
FINANZAMENTO PÚBLICO E PRIVADO	26
SUBVENCIONES	26
CONTRATACIONES	28
COLABORACIONES	29
ANEXOS	29
1.1 BALANCE PROVISIONAL	29
1.2 CONTA DE RESULTADOS PROVISIONAL	31

PRESENTACIÓN DA ENTIDADE

A Asociación de Mulleres con Discapacidade de Galicia **ACADAR** foi constituída o 1 de setembro de 2009 no concello de Santiago de Compostela, por 20 mulleres con discapacidade. Conscientes de que as necesidades específicas das nenas e mulleres con discapacidade non estaban cubertas nin tidas en conta por parte da sociedade actual, puxeron á súa disposición, a ferramenta máis axeitada para promover, coordinar e reivindicar a defensa dos dereitos das mulleres de cara a súa plena integración en todos os ámbitos da sociedade.

ACADAR está rexistrada no Rexistro Central de Asociacións cun ámbito de actuación autonómico da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza co número 2009/013595-1 (SC); no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais da Consellería de Traballo e Benestar co número E-523-71; no Rexistro de Entidades de Acción Voluntaria co número O-633; e nos Concellos de Santiago de Compostela, Ourense, Lugo, Vigo, Ferrol e Narón.

ACADAR pertence á Confederación Estatal de Mulleres con Discapacidade (CEMUDIS), á Federación provincial de A Coruña da Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (COGAMI-CORUÑA), á Federación de Asociacións de COGAMI Lugo e Pontevedra, á Federación DISCAFIS-COGAMI Ourense e á Asociación de Desenvolvemento Galicia Suroeste Eurural (GDR14).

Entre os fins de **ACADAR** destacaremos os seguintes:

1. Defender a dignidade e os dereitos das mulleres con discapacidade, para o seu exercicio en condicións de igualdade real
2. Promover a plena integración escolar, laboral, familiar e social das mulleres con discapacidade
3. Defender o dereito a un xeito de vida e a un entorno social que garanta a vida independente e o desenvolvemento autónomo de toda muller con discapacidade
4. Promover a lexislación axeitada que mellore a situación do colectivo
5. Participar na orientación, coordinación e impulso do movemento Asociativo no que estea integrado **ACADAR** con criterios de solidariedade

6. Reunir e difundir información xeral e especializada sobre os problemas da muller con discapacidade, e da discapacidade en xeral
7. Desenvolver programas e actividades, dentro da propia discapacidade, dirixidos especificamente á muller nas seguintes idades: infancia, xuventude e terceira idade
8. Promover e poñer en funcionamento todo tipo de iniciativas deportivas, culturais, educativas e de lecer dirixidas especificamente á muller con discapacidade
9. Promover e poñer en funcionamento todo tipo de programas de cooperación e desenvolvemento no exterior dirixidos ás mulleres con discapacidade ou en risco de exclusión social
10. Calquera outro, que de xeito directo ou indirecto, poida contribuír ao cumprimento da misión de **ACADAR** ou refundir no beneficio das mulleres con discapacidade

Con **ACADAR**, as promotoras, asociadas e demais persoas integrantes, segundo establecen os seus estatutos, queremos incidir na mellora e capacitación das mulleres con discapacidade nos distintos ámbitos e áreas de participación social.

As áreas de intervención onde está a incidir **ACADAR**, son:

Emprego. Polo dereito de acceso ao emprego, á igualdade de oportunidades e non discriminación por motivos de xénero e/ou discapacidade

Violencia de xénero. Dereito das mulleres con discapacidade a vivir en liberdade e con seguridade e a ser tratadas de maneira digna

Saúde. Polo dereito das mulleres con discapacidade a unha saúde pública integral e de calidade

Maternidade. Para facer efectivo e real o dereito das mulleres con discapacidade de Galicia á maternidade

Sexualidade. Polo dereito das mulleres e nenas con discapacidade a vivir a súa sexualidade dunha maneira plena, íntegra e libre

Vida Independente. Dereito das mulleres con discapacidade galegas a dirixir as rendas da súa vida



Imaxe social e medios de comunicación. Referido ao dereito das mulleres con discapacidade galegas a participar en igualdade de condicións na vida política e social, así como acceder a postos de traballo de responsabilidade e representatividade

O ámbito de actuación de **ACADAR** comprende toda a Comunidade Autónoma de Galicia.

A súa finalidade é a de ofertar servizos, dirixir actividades e reivindicar os dereitos das mulleres con discapacidade en todos os ámbitos da súa vida, independentemente do lugar onde residan, sempre tendo en conta as necesidades específicas das mulleres residentes no rural, das mulleres con discapacidade máis severa e/ou as que concorren circunstancias en risco ou exclusión social.

A sede social de **ACADAR** atópase en **Santiago de Compostela**, na *Rúa Dublín, 3, baixos, 15707*.

Actualmente, a entidade dispón de delegacións nas seguintes direccións:

- **Lugo:** situada en Rúa da Luz, nº 4, 27002, Lugo
- **Ferrol:** situada en Rúa Sánchez Calviño, nº56, 15404 Ferrol, A Coruña
- **Ourense:** situada en Rúa Recaredo Paz, nº 1, 32005, Ourense
- **Vigo:** situada en Rúa Teixugueiras, nº 15, 36212 Navia, Pontevedra

Páxina web: www.acadar.org

Correo electrónico: info@acadar.org

Teléfono: 674 073 092

OBXECTIVOS ANUAIS

Os obxectivos da entidade veñen determinados polos fins que se recollen nos estatutos e que fundamentan a existencia de **ACADAR**. Toda actuación que se realiza na entidade, con independencia do seu alcance, vai dirixida a alcanzar a finalidade pola cal foi creada. Ditos fins marcan a meta a alcanzar en cada unha das áreas de actuación da asociación e clarifican o camiño a seguir.

ACADAR, consciente da súa capacidade que impide actualmente abordar todos os obxectivos e áreas de actuación, planifica en base a unha serie de principios transversais e de eficiencia, os eixos de actuación de cada ano prioritarios, sendo para o ano 2019 os seguintes:

1. Promover actividades para reforzar a autovaloración positiva das mulleres con discapacidade.
2. Impulsar o empoderamento a través da participación social activa e dinámica e a formación das mulleres con discapacidade nos distintos estamentos da sociedade.
3. Diseñar e difundir ferramentas e material de soporte en materia de empoderamento das mulleres con discapacidade que sirvan como guía de traballo para o persoal que presta servizos directamente ás mulleres e nenas con discapacidade.
4. Crear e consolidar grupos de apoio psico-social, baixo a dirección de persoal con formación específica en xénero e discapacidade para desenvolver e fomentar o empoderamento e a autoxestión das mulleres con discapacidade.
5. Fomentar redes de mulleres con discapacidade para promover a súa participación.
6. Garantir a formación especializada na transversalidade de xénero e discapacidade ás entidades e profesionais prestadoras de servizos ás nenas, mozas e mulleres con discapacidade a través de programas de formación continua.

7. Sensibilizar e formar no uso non sexista e interseccional da linguaxe nos distintos eixos da sociedade.
8. Formar ó conxunto de persoas profesionais dos servizos de atención psicolóxica dependentes de organismos non gobernamentais que prestan servizos ás mulleres con discapacidade e familias, en materia de xénero e discapacidade.
9. Fomentar a sensibilización cara á saúde en mulleres con discapacidade.

Para dar cumprimento a estes obxectivos estratéxicos, realízanse unha serie de actividades e proxectos, algúns con carácter de continuidade e outros xa específicos.

ACTIVIDADES REALIZADAS


Programas de cooperación:

SERVIZO DE ATENCIÓN INTEGRAL A MULLERES CON DISCAPACIDADE

A través dos Programas de Cooperación da Consellería de Economía, Emprego e Industria, **ACADAR** contou con unha traballadora social e unha psicóloga durante 7 e 12 meses respectivamente.

Ademais, gracias á co-financiación do Fondo Social Europeo, a entidade conta cun traballador social dende novembro e durante 7 meses, como parte do programa de Garantía Xuvenil.

Entre as funcións que realizan destacan: a avaliación das necesidades e demandas das persoas usuarias, deseñando plans individuais de intervención, desenvolvemento, seguimento e avaliación, a atención psicolóxica, o desenvolvemento de accións de prevención e sensibilización para a poboación en xeral, e a xestión da organización e funcionamento interno da entidade.



Cartel informativo do Servizo de Atención Integral a Mulleres con Discapacidade. Garantía Xuvenil.



Cartel informativo do Servizo de Atención Integral a Mulleres con Discapacidade. Programa de Cooperación.

Empoderamento:

EMPREGO E SAÚDE A TRAVÉS DO EMPODERAMENTO

Financiado polo Concello de Lugo, desenvolvéronse cinco obradoiros en materia de emprego e saúde, cunha duración total de 30 horas e durante dous días á semana, dando maior posibilidade de participación as mulleres interesadas.

O obxectivo principal foi procurar a mellora da calidade de vida das mulleres con discapacidade do Concello de Lugo, a través da redefinición do autocoñecemento. Asemade, fomentouse a adquisición de hábitos de vida saudables, a práctica de actividades físico-deportivas, a vivencia pracenteira, respectuosa e satisfactoria da propia sexualidade e do respecto á sexualidade das demais persoas, a mellora da autoestima e actitudes positivas cara o propio corpo e o autocoñecemento, así como a conciencia sobre a importancia da participación social e activa co fin de reforzar as aptitudes de cara á busca de emprego.

En total, participaron 33 mulleres con discapacidade pertencentes ao Concello de Lugo.



Cartel informativo dos obradoiros.



Mulleres participando no obradoiro de zumba adaptado.

ACCESO AO TRABALLO REMUNERADO 2.0

Financiado polo Concello de Santiago de Compostela, ten por obxecto o acompañamento ás mulleres participantes no acceso ao traballo remunerado mediante a capacitación da toma de decisións, na consciencia das capacidades, na mellora do autoconcepto e na adquisición de estratexias de comunicación eficaz.

Leváronse a cabo 4 accións formativas: 2 obradoiros de autoconcepto e comunicación eficaz, 2 obradoiros de motivación laboral, 2 obradoiros de uso básico das TIC e 2 obradoiros prácticos para o uso das TIC.

19 mulleres con discapacidade do Concello de Santiago de Compostela participaron neste programa. Ditas mulleres atopábanse en situación de desemprego e en procura activa de emprego.



Cartel informativo dos obradoiros.



Mulleres participando no obradoiro de autoconcepto positivo.

ENRÉDATE

O Programa Enrédate foi un servizo de atención integral a mulleres con discapacidade residentes en zonas pouco poboadas. Estivo financiado pola Secretaría Xeral da Igualdade e cofinanciado polo Fondo Social Europeo con cargo ao programa operativo DSE Galicia 2014-2020.

Nace co obxectivo de proporcionarlles unha atención personalizada e específica ás mulleres con discapacidade, sen exclusión doutras situacións de vulnerabilidade, potenciando as súas capacidades e competencias para o desenvolvemento dunha vida autónoma.



Cartel informativo do Programa Enrédate.

As actuacións que se desenvolveron durante a duración deste programa foron, entre outras: información sobre os recursos e servizos dispoñibles para as mulleres con discapacidade, deseño de estratexias individuais para favorecer a adquisición e/ou recuperación de habilidades persoais e sociais, mellora da autoestima e autoconfianza, manexo eficaz do estrés e a ansiedade, fomento de estados de ánimo positivos, toma de consciencia sobre pensamentos e crenzas irracionais, promocionando ideas racionais e actitudes positivas que potencien o desenvolvemento persoal e aprendizaxe en estratexias de resolución de problemas.

Levou a cabo en zonas pouco poboadas das provincias de A Coruña e Pontevedra. En total, participaron 51 mulleres con discapacidade, obtendo 34 itinerarios completos.




Participantes de Enrédate en Vila de Cruces, coa Secretaria Xeral da Igualdade, Susana López Abella.

EMPLEABILÍZATE

Programa desenvolto por **ACADAR** a través do financiamento da Xunta de Galicia a COGAMI, tivo como finalidade potenciar as capacidades e recursos para o desenvolvemento integral das mulleres con discapacidade de Ferrol e concellos limítrofes, favorecendo o seu empoderamento e previndo posibles situacións de exclusión social.

Realizáronse dous grupos, en quenda de mañá e en quenda de tarde, para favorecer a participación do maior número posible de mulleres. En total, participaron 17 mulleres con discapacidade de Ferrol e de concellos limítrofes.



Participantes do Programa Empleabilízate durante un obradoiro sobre TIC.

EMPODERAR PARA DECIDIR

Financiado pola Deputación de Pontevedra e desenvolto en Vigo e A Guarda, tivo como finalidade a promoción do empoderamento das mulleres con discapacidade, para facilitar a toma de decisión sobre cada un dos aspectos das súas vidas.

Realizáronse diversos obradoiros nos que participaron un total de 21 mulleres con discapacidade da provincia de Pontevedra, das cales 9 participaron nos obradoiros de cohesión do Concello de A Guarda e 12 nos obradoiros que tiveron lugar en Vigo. Estes obradoiros consistiron en favorecer as relacións interpersoais das mulleres con discapacidade e o intercambio de experiencias, sensibilizando e tomando conciencia sobre a violencia de Xénero, así como tamén se reforzaron a adquisición de habilidades sociais e a mellora da autoestima e o autoconcepto das participantes.



Cartel informativo dos obradoiros.



Mulleres que participaron nos obradoiros.

SERVIZO DE INCLUSIÓN E TRANSICIÓN AO EMPREGO PARA MULLERES CON DISCAPACIDADE

Financiado pola Consellería de Política Social e cofinanciado polo Fondo Social Europeo e polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco dos programas operativos FSE Galicia 2014-2020, tivo como obxectivo a dotación de ferramentas para a empregabilidade das mulleres con discapacidade, prestando unha atención integral e individual de acordo as súas necesidades. Reforzouse a autoestima e autovaloración positiva, visibilizáronse os roles e estereotipos de xénero de cara a previr a exclusión social e laboral, concienciouse sobre a violencia contra as mulleres con discapacidade, promoveuse a interacción social e fomentouse o emprego das TIC como ferramentas innovadoras para a procura de emprego, entre outras.

En total, participaron 36 mulleres, sendo 21 con itinerario completo.



Participantes do Programa en Ourense.

PROXECTO ALOUMIÑO: A PLENA VIVENCIA DA NOSA SEXUALIDADE

Aloumiño é un programa cofinanciado pola Secretaría Xeral da Igualdade e da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia, a través da subvención destinada á realización de programas de interese xeral para fins de carácter social dirixidos á promoción da igualdade entre mulleres e homes e de prevención e loita contra a violencia de xénero.

O obxectivo deste programa foi ampliar os coñecementos con respecto a feito sexual humano e traballar coas mulleres a vivencia saudable e positiva da propia sexualidade, con perspectiva de xénero.

Os concellos nos que se realizaron as accións foron: Ordes, Vila de Cruces, Palas de Rei e Ourense. Neste último, xuntáronse mulleres que se achegaron dende concellos pouco poboados (Pereiro de Aguiar, Gomesende, Taboadela, Padrenda, Maceda e Toén), xa que Ourense era o lugar máis accesible para as mulleres destas distintas localidades. Participaron 30 mulleres nos distintos obradoiros referidos a este proxecto.



PROGRAMA ALOUMIÑO
A plena vivencia
da nosa sexualidade
Actividades grupais e individuais

Contacta con nós e participa!
info@acadar.org
874 673 992

XUNTA DE GALECIA
VICEPRESIDENCIA E COMISIÓN DE PRESIDENCIA
GOBERNACIÓN GALEGA E SAÚDE
Departamento de Saúde

*Servizo gratuíto financiado pola Secretaría Xeral da Igualdade da Xunta de Galicia

Cartel do proxecto Aloumiño.



Obradoiro realizado nas instalacións do Concello de Palas de Rei, Lugo.

LECEER NÁUTICO

Novamente, **ACADAR** participou no Programa de Lecer Náutico de COGAMI e Fundación Mapfre, que tivo lugar no Real Club Náutico de Sanxenxo entre o 2 e o 7 de xuño. Este programa inclúe un curso básico de vela adaptada en horario de mañá e o disfrute de tempo de ocio inclusivo, así como aloxamento e manutención.

En total, participaron 14 persoas, 11 mulleres con discapacidade e 3 persoas do equipo técnico da entidade.



Barco de vela adaptado ca súa tripulación.



Mulleres participantes no programa de Lecer Náutico.

Educación en igualdade:

COMUNICA A CONCIENCIA

Financiado pola Fundación ONCE, por segundo ano consecutivo, **ACADAR** levou a cabo este programa que ten como obxectivo sensibilizar, concienciar e formar sobre o uso dunha linguaxe inclusiva e non discriminatoria a través da ferramenta 'Ventana Inclusiva', corrector de estilo para a lingua castelá que reformula os termos ofrecendo alternativas non sexistas e inclusivas.

Asemade, realizáronse 3 obradoiros de comunicación inclusiva nos que participaron 71 persoas e mellorouse a ferramenta informática.



Cartel do proxecto da Fundación ONCE.



Obradoiro realizado nas instalacións de Cáritas Santiago.

EDUCACIÓN EN IGUALDADE NO TEMPO LIBRE. TODOS OS ESPAZOS LIBRES DE VIOLENCIA

A través da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, realizáronse formacións a monitorado nas cidades de Vigo, A Coruña e Santiago de Compostela co obxectivo de sensibilizar e concienciar sobre a violencia de xénero ás persoas profesionais, para que nenas e nenos sexan coeducados de xeito transversal e, desta maneira, promover relacións igualitarias, eliminar actividades sexistas ou que segreguen por xénero, así como erradicar situacións de violencia.

En total, 31 persoas participaron nestas formacións.

VIO 7: VER PARA ERRADICAR (A CORUÑA)

Financiado pola Deputación da Coruña, é un proxecto formativo continuista que está dirixido ao alumnado universitario, de formación profesional e bacharelato da provincia de A Coruña.

Co obxectivo de fomentar a detección e erradicación das distintas formas de violencia cara as mulleres con discapacidade, igualdade e prevención da violencia de xénero. Durante as formacións, fíxose uso das guías “*Violencia contra as mulleres con discapacidade. Ver e recoñecer os sinais*” (ACADAR, 2015) e “*Violencia cara as nenas e mulleres con discapacidade*” (ACADAR, 2018).

Un total de 261 persoas foron beneficiarias directas destas formacións.



Cartel das formacións



Sesión formativa en A Coruña.

VIO 7: VER PARA ERRADICAR (LUGO)

Financiado pola Deputación de Lugo, ten como finalidade a promoción das relacións igualitarias entre o alumnado, o fomento da igualdade de oportunidades, do sentimento de cidadanía e a integración do conxunto das persoas con independencia das características que definan ás mesmas. Durante as formacións empregáronse as guías “Violencia contra as mulleres con discapacidade. Ver e recoñecer os sinais” (ACADAR, 2015) e “Violencia cara as nenas e mulleres con discapacidade” (ACADAR, 2018), para explicar os tipos de violencia cara as mulleres con discapacidade.

Dirixido a alumnado de Educación Secundaria Obrigatoria levouse a cabo en institutos de Ribadeo, Lugo e Monforte de Lemos. En total participaron 114 persoas.



Cartel das formacións.





Alumnado participante.

VIO 7: VER PARA ERRADICAR (OURENSE E PONTEVEDRA)

Financiado pola Secretaría Xeral da Igualdade con cargo á asignación tributaria do 0,7% do imposto sobre a renda das persoas físicas. É un proxecto formativo que está dirixido aos centros educativos de zonas pouco poboadas dos concellos de Ourense e Pontevedra.

Co obxectivo de fomentar a detección e erradicación das distintas formas de violencia cara as mulleres con discapacidade, igualdade e prevención da violencia de xénero. Durante as formacións, empregouse a guía “Violencia contra as mulleres con

Un total de 150 persoas foron beneficiarias directas de estas formacións.



Financiado pola Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, levou a cabo este proxecto, baseado no desenvolvemento de 3 accións principais:

1. Formación en materia de xénero, igualdade e violencia de xénero as persoas profesionais que traballan nos Puntos de Encontro Familiar (PEF) de Ourense e Pontevedra.
2. Creación dun espazo de Información e Asesoramento dentro dos Puntos de Encontro Familiar de apoio e reforzo nas labores de orientación e detección de situacións de violencia de xénero.
3. Accións grupais coas familias usuarias dos Puntos de Encontro Familiar de Ourense, Vigo e Pontevedra, en materia de educación emocional e resolución de conflitos, promoción das relacións igualitarias

En total, participaron 7 persoas neste proxecto.

MOCHILAS LILAS: PROGRAMA PARA A PREVENCIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO

Financiado pola Deputación de Pontevedra, este programa tivo como obxectivo fomentar a detección e a erradicación das distintas formas de violencia de xénero, para o que se levaron a cabo sesións formativas a alumnado de Educación Primaria, en tres centros de ensino de tres localidades diferentes da provincia de Pontevedra.

As persoas beneficiarias deste proxecto foron un total de 113 persoas estudantes dos centros de Educación Infantil e Primaria de Vigo, Vilagarcía e Pontecaldelas.



Cartel informativo do programa
Mochilas Lilas

DEDALEIRA – QUERELAR

Proxecto liderado por COGAMI no que colabora a entidade **ACADAR**. É un servizo de atención sexolóxica das persoas con discapacidade, o seu entorno afectivo (parellas, familiares, ...) e persoas do seu entorno social ou institucional. Creouse ca finalidade de acompañamento para dar resposta ás necesidades sexuais. Durante o ano 2019 este servizo atendeu a 315 persoas.

dedaleira

En total, foron 957 persoas dos proxectos de **ACADAR** das cales 224 foron mulleres con discapacidade participantes nos grupos e proxectos realizados para o seu empoderamento.

Ferramentas de **ACADAR:**

VENTANA INCLUSIVA

A linguaxe é a ferramenta principal que utilizamos para comunicarnos, e ten o poder de incluír ou excluír a una persoa do conxunto. A linguaxe inclusiva e non discriminatoria é aquela que nomea a tódalas persoas, que non discrimina nin ignora ás persoas, con independencia da súa condición de sexo, xénero, relixión, orixe, idade, etc.

Ventana Inclusiva é unha aplicación correctora de estilo que detecta o emprego de linguaxe sexista e discriminatoria reformulando e ofrecendo termos non sexistas e inclusivos da lingua castelá. Este corrector, financiado pola Fundación ONCE, está dispoñible para a aplicación *Writer* do paquete ofimático libre *LibreOffice*, e para o procesador de textos *Word* do paquete ofimático *Microsoft Office*, ambos na súa versión para Windows.

GUÍA VIOLENCIA SEXUAL CARA ÁS NENAS E MULLERES CON DISCAPACIDADE

É unha guía editada por **ACADAR** grazas ao financiamento da Secretaría Xeral da Igualdade da Xunta de Galicia e polo Ministerio de la Presidencia, Relaciones con las Cortes e Igualdad.

É específica para a detección e identificación de posibles situacións de abusos sexuais en diversos ámbitos. Esta guía foi editada en galego (versión en papel e dixital) e en castelán.

GUÍA VIOLENCIA CONTRA AS MULLERES CON DISCAPACIDADE, VER E RECOÑECER OS SINAIS

Esta guía, editada por **ACADAR** grazas o financiamento da Secretaría Xeral da Igualdade a través do Fondo Social Europeo, xorde como resposta á necesidade de dispor de material que nos permita coñecer, detectar e abordar os diferentes tipos de violencia contras as mulleres con discapacidade.

Contén os sete tipos de violencia, coas súas respectivas definicións, indicadores, e datos estatísticos sobre os mesmos.

Tódalas ferramentas de **ACADAR** pódense descargar gratuitamente dende a páxina web da entidade www.acadar.org.

PARTICIPACIÓNS

- *25 de xaneiro. Pazo da Peregrina, Ames:*
ACADAR participa no foro propositivo de '*Compartimos Plan*' onde se analizaron e se priorizaron as liñas de acción das futuras políticas de Igualdade provinciais.
- *7 de marzo. Cidade da Cultura de Galicia, Santiago de Compostela:*
Parte da xunta directiva e o equipo técnico da entidade, acudiron ao acto '*Innovación, talento e futuro. Mulleres pedindo paso*' onde foron homenaxeadas nove mulleres que destacan no seu campo, entre as que se atopaba Mónica Álvarez, presidenta de **ACADAR**.
- *8 de marzo. Santiago de Compostela:*
ACADAR súmase a folga de 24 horas polo **Día Internacional da Muller** e acude ás marchas e concentracións previstas en toda Galicia.
- *11 de marzo. A Coruña:*
Equipo técnico da entidade acode á Deputación da Coruña para manter unha reunión en relación á convocatoria FO100A.
- *11 de marzo. Santiago de Compostela:*
ACADAR participa na reunión da Comisión Sociosanitaria de COGAMI en Santiago de Compostela
- *14 de marzo. IES Laxeiro, Lalín:*
Presentación da guía '*Violencia sexual cara ás nenas e mulleres con discapacidade*' ao alumnado.
- *14 de marzo. ONCE, Ourense:*
ACADAR participa na '*Xornada de debate. Mulleres, violencia e discapacidade*'. Acto organizado pola '*Marcha Mundial de Mulleres*', onde se fala de violencia e tipos de violencia a través da guía '*Violencia contra as mulleres con discapacidade. Ver e recoñecer os sinais*'.

- *15 de marzo, Santiago de Compostela:*
Asístese a reunión do Consello Galego de Acción Voluntaria.
- *20 de marzo. CIFP Portovello, Ourense:*
Presentación da guía '*Violencia sexual cara ás nenas e mulleres con discapacidade*' ao alumnado.
- *22 de marzo. IES Río Cabe, Monforte de Lemos:*
Presentación da guía '*Violencia sexual cara ás nenas e mulleres con discapacidade*' ao alumnado e equipo docente.
- *29 de marzo. CIFP Compostela, Santiago de Compostela:*
Presentación da guía '*Violencia sexual cara ás nenas e mulleres con discapacidade*', e contou ca presenza da Secretaria Xeral da Igualdade, Susana López Abella.
- *3 de maio. Santiago de Compostela:*
Mantense unha reunión da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica.
- *8 de maio. EGAP, Santiago de Compostela:*
Acódese ao pleno do Consello Galego das Mulleres.
- *13 de maio, Cangas:*
ACADAR imparte a charla '*O pracer de querernos*' nas instalacións da Asociación de diagnosticad@s de cancro de mama (ADICAM).
- *23 de maio. Santiago de Compostela:*
Mantense unha reunión ca Secretaría Xeral da Igualdade en San Lázaro.
- *29 de maio. Santiago de Compostela:*
Acódese a unha formación organizada por COGAMI sobre comunicación.
- *4 de xuño. Centro Obra Social Abanca, Santiago de Compostela:*
Acódese á Xornada '*Las mujeres y niñas con discapacidad a la luz de la Convención Internacional de los Derechos de las Personas con Discapacidad*' organizada por CERMI Galicia.
- *4 de xuño. Pazo de Raxoi, Santiago de Compostela:*
Asínase o convenio ca Concelleira de Políticas Sociais, Diversidade, Saúde e Centros Cívicos, a través do cal se realiza o proxecto '*Acceso ao traballo remunerado 2.0*'
- *6 de xuño. Casa Galega da Cultura, Vigo:*
Preséntase a guía '*Violencia sexual cara as nenas e mulleres con discapacidade*' nas II Xornadas '*Abrindo novos camiños contra a violencia de xénero*'.

- *7 de xuño. CABES, Santiago de Compostela:*
Celébrase a IX Asemblea de **ACADAR** onde se aproban a Memoria de Actividades e o Informe Económico de 2018.
- *12 xuño. Santiago de Compostela:*
Acódesse a unha reunión na Concellería de Política Social, concretamente ca Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade.
- *14 de xuño. MUPEGA, Santiago de Compostela:*
Dende o equipo técnico, dáse un relatorio nas *Xornadas do Plan de formación para o persoal dos CIM de Galicia*.
- *18 de xuño. EGAP, Santiago de Compostela:*
Celébrase o Pleno do consello Galego das Mulleres onde se presentan e se escollen as candidaturas para o Observatorio Galego da Violencia de Xénero, entre as que está **ACADAR**.
- *19 xuño. CABES, Santiago de Compostela:*
COGAMI organiza unha xornada informativa sobre o Regulamento Xeral de Protección de Datos á que acode a entidade.
- *26 e 27 de xuño. Santiago de Compostela:*
Acódesse ao Encontro '*Lucha contra la pobreza, la exclusión social y la desigualdad en el marco de los ODS*' organizado por EAPN España e EAPN Galicia.
- *12 de xullo. Concellería de Benestar, Lugo:*
Asínase o convenio ca Deputación de Lugo, grazas ao cal se leva a cabo o proxecto '*Vio 7. Ver para erradicar*'.
- *18 de xullo. EGAP, Santiago de Compostela:*
Acódesse a Mesa do Plan Estratéxico 2021-2023 da Xunta de Galicia.
- *31 de xullo. Biblioteca Municipal, Vila de Cruces:*
O grupo de Vila de Cruces do *Programa Enrédate* recibe a visita da Secretaria Xeral da Igualdade, Susana López Abella e a Concelleira de Benestar, Asuntos Sociais, Muller, Deporte, Educación e Sanidade, Mireya Otero.
- *17 de setembro. San Lázaro, Santiago de Compostela:*
Acódesse a reunión da Comisión Muller Maior do Consello Galego das Mulleres en San Lázaro.
- *18 de setembro. A Coruña:*
Presentación oficial da Carreira da Muller en A Coruña, e onde se presenta a **ACADAR** como entidade destinataria dos dorsais solidarios.

- *20 e 21 de setembro. Palexco, A Coruña:*
ACADAR acude a Feira Sportwoman pola Carreira da Muller, onde ten un posto informativo sobre a entidade.
- *22 de setembro. A Coruña:*
Acódese á Carreira da Muller, sendo ACADAR a entidade a que se destinan os dorsais solidarios.
- *24 e 25 de setembro. CaixaForum Madrid, Madrid:*
Acódese ás Xornadas '*Derechos de las mujeres con discapacidad y Agenda 2030*' de COCEMFE como parte dos relatorios.
- *3 de outubro. A Coruña*
Intervención en Radio Coruña nun programa especial sobre Turismo Inclusivo.
- *3 de outubro. Consellería de Sanidade, Santiago de Compostela:*
Asístese á reunión informativa sobre as axudas e subvencións de Cooperación.
- *28 de outubro. Lugo:*
Asistencia a Charla-Coloquio BNG no Centro Social Uxío Novoneyra.
- *11 de novembro. Lugo:*
Mantense una reunión co Concello de Lugo.
- *18 e 19 de novembro. Bruselas:*
Acódese ao Encontro Europeo de EAPN.
- *21 de novembro. Subdelegación do Goberno, A Coruña:*
A Subdelegada do Goberno en A Coruña, Pilar López, ten un encontro con persoas representantes de entidades de mulleres
- *21 e 22 de novembro. CEGADI, Santiago de Compostela:*
Acódese ao '*VIII Annual Congress of Global Economic ACcounting*' organizado por COGAMI.
- *22 de novembro. Lugo:*
Rede TIL. Lugo. Asistencia a exposición por 25-N na Biblioteca Intercentros.
- *25 de novembro.*
Asístese as diferentes manifestacións realizadas en Galicia por mor **Día Internacional Contra a Violencia de Xénero**.
- *28 de novembro. Hostal dos Reis Católicos, Santiago de Compostela:*
Acódese ao acto de entrega dos *Premios Meninas 2019* por invitación da Delegación do Goberno en Galicia.
- *14 de decembro. Santiago de Compostela:*
Xornada de Nadal de COGAMI no Hotel "Porta do Camiño".

▪ *17 de decembro. Pontevedra.*

Participase na rolda de prensa, conxunta con CEMUDIS e a Deputación de Pontevedra, sobre ACADAR e o estudo de CEMUDIS da realidade das mulleres con discapacidade.

PERSOAS SOCIAS

Actualmente, a entidade conta con 130 persoas socias (124 mulleres e 6 homes).

Do total, 109 son socias de dereito¹ e 21 son persoas socias colaboradoras²: 15 mulleres e 6 homes.

FINANZAMENTO PÚBLICO E PRIVADO

SUBVENCÍONS

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

- Axudas e subvencións para o fomento do emprego a través dos programas de cooperación no ámbito de colaboración coas entidades sen ánimo de lucro na súa convocatoria para o ano 2018

- Subvencións destinadas á contratación de persoas mozas inscritas no Sistema nacional de Garantía Xuvenil, a través do Programa de cooperación coas entidades sen ánimo de lucro, e se procede á súa convocatoria para o ano 2018

- Axudas e subvencións para o fomento do emprego a través dos programas de cooperación no ámbito de colaboración coas entidades sen ánimo de lucro e se procede á súa convocatoria para o ano 2019

¹ Socias de dereito: 1. Mulleres con discapacidade maiores de idade e con capacidade de obrar. 2. Mulleres con discapacidade menores de idade, non emancipadas, a partir dos 14 anos, previo consentimento da nai/pai ou titora/titor. 3. Nais/pais/persoas titoras ou representantes legais das mulleres con discapacidade incapacitadas xudicialmente ou menores de 14 anos de idade. 4. Socias de dereito avaladas: Mulleres sen discapacidade que pola súa traxectoria acrediten unha incidencia importante na consecución do benestar das mulleres con discapacidade, que terá que vir avalada por 10 socias de ACADAR.

² Socias colaboradoras: Calquera persoa, independentemente do seu sexo, así como as persoas xurídicas (empresas, asociacións, corporacións, fundacións, concellos, etc.) que desexen colaborar de xeito desinteresado, mediante achegas económicas ou co seu compromiso de participación.

- Subvencións destinadas á contratación de persoas mozas inscritas no Sistema nacional de Garantía Xuvenil, a través do Programa de cooperación coas entidades sen ánimo de lucro, e se procede á súa convocatoria para o ano 2019

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

- Subvencións destinadas á realización de programas de interese xeral para fins de carácter social, con cargo á asignación tributaria do 0,7 % do imposto sobre a renda das persoas físicas

- Subvencións a entidades de iniciativa social para a promoción de actuación de servizos sociais comunitarios e inclusión social e se procede á súa convocatoria para os anos 2018, 2019 e 2020 (cofinanciada parcialmente polo Fondo Social Europeo e polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco dos programas operativos FSE Galicia 2014-2020 e Feder Galicia 2014-2020)

SECRETARÍA XERAL DA IGUALDADE

- Subvencións a entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro para programas dirixidos a mulleres en situación de especial vulnerabilidade, cofinanciadas polo Fondo Social Europeo con cargo ao programa operativo FSE Galicia 2014-2020, e se convocan para o ano 2019

- Axudas destinadas a fomentar o asociacionismo e a participación das mulleres, e se procede á súa convocatoria para o ano 2019

DEPUTACIÓN DA CORUÑA

- Subvencións a entidades sen fins de lucro para o desenvolvemento de programas de políticas de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes e loita contra a violencia de xénero no ano 2019

DEPUTACIÓN DE LUGO

- Programa Tecendo Emprego
- Subvención nominativa

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA

- Subvencións dirixidas a entidade sen fins de lucro para actuacións no ámbito dos servizos sociais, sociosanitarios e da mocidade na provincia de Pontevedra no ano 2019

- Subvencións dirixidas ás entidades de iniciativa social sen fins de lucro para o fomento da igualdade de oportunidades e a loita contra a violencia de xénero paga o ano 2019

CONCELLO DE LUGO

- Subvención nominativa

CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

- Subvención nominativa

FUNDACIÓN ONCE

- Convocatoria de Subvenciones 2018

CONTRATACIÓNS

DIRECCIÓN XERAL DE FAMILIA, INFANCIA E DINAMIZACIÓN DEMOGRÁFICA

- Programa de formación para a prevención e afrontamento da violencia de xénero nos Puntos de Encontro Familiar das provincias de Ourense e Pontevedra

DIRECCIÓN XERAL DE XUVENTUDE, PARTICIPACIÓN E VOLUNTARIADO

- Formación específica en xénero e violencia de xénero ao monitorado e persoal dinamizados das actividades de lecer e tempo libre

INSERTA (FUNDACIÓN ONCE)

- Realización de obradoiros formativos en materia de alfabetización dixital, dirixidos a mulleres con discapacidade en Ourense

COLABORACIÓN

COCEMFE. CONFEDERACIÓN ESPAÑOLA DE PERSONAS CON DISCAPACIDAD FÍSICA Y ORGÁNICA

- Creación de material específico en materia de xénero para impartición de curso

ANEXOS

1.1 BALANCE PROVISIONAL

Balance de Situación		
Empresa	00057 - ASOC MULLERES CON DISCAPAC GALIC	Página 1
Observaciones		Fecha listado 20/02/2020
		Período De Enero a Diciembre
ACTIVO		2019
A) ACTIVO NON CORRENTE		9.417,68
I. Inmobiliado intanxible		9.203,12
206	APLICACIONES INFORMÁTICAS	14.477,00
280	AMORT. ACUM. INMOV. INTANGIBLE	-5.273,88
III. Inmobiliado material		158,61
216	MOBILIARIO	15.463,28
218	ELEMENTOS DE TRANSPORTE	1.686,53
281	AMORTIZACIÓN ACUMULADA DEL IN	-16.991,20
VII. Activos por impuestos diferidos		55,95
474	ACTIVOS POR IMPUESTO DIFERIDO	55,95
B) ACTIVO CORRENTE		133.287,67
II. Usuarios e outros debedores da act.propia		162.577,20
448	DEUDORES VARIOS	162.577,20
III. Debedores comerciais e outras ctas.a cobrar		5.835,38
430	CLIENTES	5.835,38
V. Inversións financeiras a curto prazo		75,49
551	CUENTA CORRIENTE CON SOCIOS Y	75,49
VII. Efectivo outros activos líquidos equivalen		-35.200,40
570	CAJA, EUROS	53,91
572	BANCOS E INSTITUCIONES DE CRÉ	-35.254,31
TOTAL ACTIVO (A + B)		142.705,35



ACADAR

Asociación de mulleres
con discapacidade de Galicia

Balance de Situación

Empresa	00057 - ASOC MULLERES CON DISCAPAC GALIC	Página	2
Observaciones		Fecha listado	20/02/2020
		Período	De Enero a Diciembre

PASIVO		2019
A) PATRIMONIO NETO		60.580,15
A-1) Fondos propios		60.580,15
I. Dotación Fundacional/Fondo social		24.789,70
1. Dotación fundacional/Fondo social		24.789,70
101	FONDO SOCIAL	24.789,70
II. Reservas		4.726,98
113	RESERVAS VOLUNTARIAS	4.726,98
III. Excedentes de ejercicios anteriores		-8.747,55
121	RESULTADOS NEGATIVOS DE EJERC	-8.747,55
IV. Excedente do exercicio		39.811,02
A-3) Subvencións,doazóns legados recibidos		
C) PASIVO CORRENTE		82.125,20
II. Débedas a curto prazo		62.369,91
3. Outras débedas a curto prazo		62.369,91
522	DEUDAS A CORTO PLAZO TRANSFOR	61.984,62
551	CUENTA CORRIENTE CON SOCIOS Y	142,66
555	PARTIDAS PENDIENTES DE APLICA	242,63
V. Acredores comerciais e outras ctas.a pagar		19.755,29
2. Outros acredores		19.755,29
410	ACREEDORES POR PRESTACIONES D	935,75
465	REMUNERACIONES PENDIENTES DE	8.370,06
475	HACIENDA PÚBLICA, ACREEDORA P	4.502,24
476	ORGANISMOS DE LA SEGURIDAD SO	5.947,24
VI. Periodificacións a curto prazo		
TOTAL PATRIMONIO NETO E PASIVO (A + B + C)		142.705,35



ACADAR

Asociación de mulleres
con discapacidade de Galicia

1.2 CONTA DE RESULTADOS PROVISIONAL

Cuenta de Pérdidas y Ganancias

Empresa		Página	
00057 - ASOC MULLERES CON DISCAPAC GALIC		1	
Observaciones		Fecha listado	Periodo
		17/02/2020	De Enero a Diciembre
2019			
1. Ingresos da actividade propia		319.207,69	
a) Cotas de usuarios e afiliados		984,00	
720	VENTAS E INGRESOS	984,00	
b) Aportacións de usuarios		1.500,00	
721	COTAS AFILIADOS	1.500,00	
c) Ingresos de promocións, patrocin. e colabo		65.652,68	
722	PROMOS PARA CAPTA DE RECURSOS	1.500,00	
723	INGRESOS PATROCINAD. COLABORA	64.152,68	
d) Subvs,doaz. e leg. imput. a rdos exerc.		251.071,01	
740	SUBVENCIONES, DONACIONES Y LE	240.877,51	
747	OTRAS SUBVENCIONES, DONACIONE	10.193,50	
3. Gastos por axudas e outros		-10.310,19	
c) Gastos por colaboracións e do órgano gober		-10.288,60	
653	COMPENSACIÓN GTOS.PREST.COLAB	-9.685,34	
654	REEMBOLSO GASTOS ÓRGANO GOBI	-603,26	
d) Reintegro de subvenc., doazóns e legados		-21,59	
658	REINTEGRO DE SUBV.,DONAC Y LEG	-21,59	
6. Aprovisionamentos		-187,18	
600	COMPRAS BIENES DESTIN.ACTIVID.	-187,18	
7. Outros ingresos de explotación		48,00	
754	INGRESOS POR COMISIONES	48,00	
8. Gastos de persoal		-242.183,14	
640	SUELDOS Y SALARIOS	-179.048,78	
641	INDEMNIZACIONES	-4.625,70	
642	SEGURIDAD SOCIAL A CARGO DE L	-58.286,68	
649	OTROS GASTOS SOCIALES	-221,98	
9. Outros gastos da actividade		-22.792,43	
621	ARRENDAMIENTOS Y CÁNONES	-5.535,83	
623	SERVICIOS DE PROFESIONALES IN	-122,51	
625	PRIMAS DE SEGUROS	-633,30	



ACADAR

Asociación de mulleres
con discapacidade de Galicia

Cuenta de Pérdidas y Ganancias

Empresa	00057 - ASOC MULLERES CON DISCAPAC GALIC		Página	2
Observaciones			Fecha listado	17/02/2020
			Período	De Enero a Diciembre
2019				
626	SERVICIOS BANCARIOS Y SIMILAR	-279,15		
627	PUBLICIDAD, PROPAGANDA Y RELA	-6.219,12		
628	SUMINISTROS	-871,10		
629	OTROS SERVICIOS	-9.109,02		
631	OTROS TRIBUTOS	-22,39		
659	OTRAS PÉRDIDAS EN GESTIÓN COR	-0,01		
10.	Amortización do inmovilizado	-3.282,60		
680	AMORTIZACIÓN DEL INMOVILIZADO	-3.257,40		
681	AMORTIZACIÓN DEL INMOVILIZADO	-25,20		
A.1)	EXCEDENTE DA ACTIVIDADE	40.500,15		
15.	Gastos financeiros	-689,13		
669	OTROS GASTOS FINANCIEROS	-689,13		
A.2)	EXCEDENTE DAS OPERACIÓNS FINANCEIRAS	-689,13		
A.3)	EXCEDENTE ANTES DE IMPOSTOS	39.811,02		
A.4)	VARIACIÓN DE PATRIMON NETO RECOÑECIDO N	39.811,02		